



Obra gañadora do Certame de 2020: Manuel Carballeira Rivas.

VI Certame de Pintura Rápida Arra como antiga parroquia 08/08/21

ASOCIACIÓN
SAN CAYETANO
DE ARRA

CONCELLO DE
SAN
XEN
DE ARRA
XO

BASES

1. As presentes bases teñen por obxecto regular a participación no **VI Certame de Pintura Rápida Arra Como Antiga Parroquia**, que terá lugar o domingo 8 de agosto de 2021.

2. Poderán participar no Certame tódalas persoas que o desexen. A participación será gratuita, previa inscrición electrónica en: scarra.asociacion@gmail.com, ou o mesmo día do Certame no selado dos lenzos en horario de 09.00 a 11.00 na zona de aparcamento da Praia de Montalvo (Sartén). Tódolos participantes asinarán a solicitude de incrición, de protección de datos e unha autorización para a cesión dos dereitos das fotos que sexan publicadas.

3. Categorias

ADULTA. Dende os 17 anos.

1º premio: 800€*

2º premio: 400€

3º premio: 250€

INFANTIL

Ata 12 anos. 1º premio: 100€. 2º premio: 50€

De 13 a 16 anos. 1º premio: 150€.

As vintecinco primeiras inscricións na modalidade infantil recibirán un bono gratuito a escoller entre o *Racing Dakart Sanxenxo* ou o *Aquapark Sanxenxo*.

4. Temática.

Calquera lugar da parroquia de Arra e a súa contorna. O estilo e a técnica son libres. Para poñer en valor a riqueza paisaxística e cultural da parroquia de Arra (zona delimitada no mapa adxunto), as obras deberán ser realizadas in situ. A organización facilitará un plano para que cada participante comunique o lugar no que se atopa realizando a súa obra e así poder comprobar a evolución da mesma en calquera momento.

5. O material necesario para desenvolver a actividade correrá por conta de cada participante.

*Premios sometidos a lexislación vixente

6. O horario de selado dos lenzos será de 09.00 a 11.00 no aparcamento da Praia de Montalvo (Sartén) o mesmo día do Certame. Poderanse selar ata tres soportes pero só se entregará un para concurso.

Os soportes non terán ningún límite nas súas dimensións, deberán ser a unha soa cor e sen texturas. As acuarelas deberán presentarse en soporte ríxido.

7. As obras entregaranse sen asinar antes das 19.00 na Casa do Priorato de Arra. O persoal da organización estará dispoñible para resolver os problemas que poidan xurdir durante o Certame.

8. O xurado estará formado por persoas relacionadas co mundo das artes, representantes municipais e da Asociación San Cayetano de Arra. O fallo do xurado será inapelable e farase público xunto coa entrega dos premios o mesmo día 8 de agosto na Casa do Priorato de Arra ás 20.30.

9. Tódalas obras presentadas serán expostas entre as 19.00 e as 21.00 na Casa do Priorato de Arra, previa taxación do autor. As obras premiadas pasarán a ser propiedade da Asociación Cultural San Caetano e as obras non premiadas poderanse retirar unha vez finalizada a exposición.

10. A participación neste concurso supón a aceptación destas bases, a conformidade coa decisión do xurado e a renuncia a calquera reclamación.

ASOCIACIÓN
SAN CAYETANO
DE ARRA

644 052 921_ scarra.asociacion@gmail.com
<https://www.facebook.com/sancayetano.ara>

CENTRO DE ARTE

O.A. TERRA DE SANXENXO

Concellería de Cultura e Educación

Pazo Emilia Pardo Bazán

Trav. Miraflores, 3. 36960 Sanxenxo

986 727 936_ centrodearte@sanxenxo.org

<https://www.facebook.com/sanxenxo.arte.7/>



ERMITA DE A LANZADA

IGREXA DE NOALLA

CAPELA DE AIOS

CAPELA DE ARRA

MESÓN XERFA

PRIORATO

SARTÉN

PUNTA MONTALVO

PAXARIÑAS

CANELAS

PUNTA PIRÁMIDE

VISTA AÉREA DE ARRA.



Zona delimitada de traballo.

Vistas desde Punta Pirámide



Praia Canelas



Miradoiro Punta Cabicastro



Punta Montalvo



Bascuas



Dunas de Montalvo



Ermida de A Lanzada



Priorato



*As imaxes amosadas son só suxerencias. Convidámosvos a explorar e descubrir polo voso pé os moitos recunchos dignos de seren pintados que agocha Arra e a súa contorna.